

# TERRITORIOS EN COMÚN.

*casas con fume, montes sen lume*



# ÍNDICE

PRESENTACIÓN .....	4
QUE É ISO DO PROCOMÚN? .....	6
UN POUCO DE HISTORIA .....	8
GOBERNO EN MANCOMÚN .....	18
O MONTE E OS SEUS USOS PRODUTIVOS .....	26
O USO GANDEIRO DO MONTE .....	32
MONTES, INCENDIOS E USOS PRODUTIVOS .....	38
ALGÚNS DATOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA .....	44
A MODO DE CONCLUSIÓN .....	48
BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE REFERENCIA .....	50

**Coordinación editorial:**

*Asociación Frouma  
Galicia, 2018*

**Textos:**

*Mulime | Lara Barros Alfaro  
Asociación Frouma | Diego Sánchez Agra*

**Fotografías:**

*Arquivo SLG  
Mulime*

**Diseño:**

*Maos Innovación Social, SCG*



# PRESENTACIÓN.

Nos últimos anos, estamos vendo como o impacto dos lumes no noso país é cada vez maior. Os incendios empezan a ser unha preocupación social e ambiental en auxe que precisa que se abran debates en profundidade sobre o propio manexo do territorio e os modelos de desenvolvemento nos que nos movemos.

Nese sentido, esta guía ten por obxectivo pór en relación tres dimensións que atravesan os montes ao longo do tempo: a organización e xestión colectiva da propiedade, os modelos produtivos e a problemática dos incendios. No diálogo entre estas tres esferas, cremos que se atopan parte das preguntas que debemos facernos para mudar de rumbo.

Consideramos as CMVMC como ferramentas importantísimas de xestión do territorio. Queremos polas en valor e potenciar e fortalecer a súa *gobernanza* colectiva. Pensamos que son un escenario idóneo no que abrir debates sobre os modelos produtivos dos montes e os seus diferentes impactos sociais e ambientais.

A dimensión espacial e temporal desta institución colectiva ao longo da historia, vén dada polo imprescindible papel do monte como recurso na reprodución do sistema agrario. Polo tanto, coñecer a súa historia e a súa utilización tradicional é importante para comprender a súa supervivencia ata os nosos días e definir a súa transcendencia de cara ao futuro. Neste sentido, é importante preguntarnos: en que territorio queremos vivir?

Un monte xestionado, multifuncional, diverso... e un rural vivo, habitado, son as claves que defendemos como mellor estratexia de prevención de incendios. E, neste senso, queremos defender e apostar polo valor da comunidade veciñal como estrutura de organización e de xestión colectiva.

Todas estas reflexións, acompañámolas dunha pequena radiografía da provincia de A Coruña, co obxectivo de impulsar nela procesos de recuperación e posta en valor dos montes e das comunidades artelladas ao redor deles.

# QUE É ISO DO PRO-COMÚN?

COOPERACIÓN E RESPONSABILIDADE COLECTIVA

FERRAMENTA DE XESTIÓN E CUSTODIA DO TERRITORIO

COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN



A palabra procomún procede de pro, proveito, e común, e alude a un modelo de aproveitamento ou manexo dun recurso en base ao sentido de comunidade, de colectividade. Con esta visión, desenvólvense certos ordenamentos institucionalizados de propiedade privada atribuída a un conxunto de persoas en razón do lugar onde habitan, de forma que ningunha persoa en concreto teña un control exclusivo ou monopolio sobre o uso e desfrute dun ben ou recurso. É o que coñecemos como bens comúns ou comunais.

A ideoloxía liberal-capitalista desterrou o procomún do corpus legal, considerando os únicos modelos de propiedade posibles o privado-individual e o público, que contribuíu á liquidación de boa parte das formas de propiedade colectiva. Este proceso foi acompañado do seu paulatino desprestixio, construíndo una imaxe de ineficacia do manexo colectivo, inserido no imaxinario con ditos como “o común non é de ningún” ou a denominada traxedia dos comúns<sup>1</sup> segundo a cal o abuso e degradación sobre un ben ou recursos é maior cando máis colectivo sexa o seu manexo. Desta maneira, só o libre mercado e a propiedade privada serían capaces de garantir o benestar social, económico e ambiental.

1. Elaborada por Garret Hardin en 1968 e que contou con moita repercusión.

Nas últimas décadas, voces tan destacadas como a premio Nobel de Economía no 2009 Elionor Ostrom<sup>2</sup>, poñen de relevo a importancia daquelas **comunidades que, cun sentido de cooperación e responsabilidade colectiva, levan séculos custodiando e xestionando territorios** e recursos naturais e nos que a sostibilidade é a clave do seu éxito. Trátase de grupos que teñen desenvolto mecanismos e institucións de autoxestión, que non responden nin á lóxica privatizadora nin á do Estado.

A **xestión común do territorio** cobra así unha nova dimensión e recoñecemento como alternativa imprescindible na reprodución das comunidades e dos recursos, nas que os sistemas sociais e os sistemas ecolóxicos resultan inseparables se queremos garantir a nosa capacidade de supervivencia.

En Galicia sabemos ben o que é o procomún: as **Comunidades de Montes Veciñais en Man Común**. Pola súa alta capacidade tanto de resistencia como de resiliencia, a día de hoxe rexístranse unas 2.800 CMVMC clasificadas que ocuparían máis de 600.000 hectáreas da superficie galega, é dicir, 1/4 do noso territorio. As comunidades de montes veciñais son, polo tanto, unha **ferramenta de xestión colectiva do territorio** fundamental no noso país.

2. Ostrom, E (1990)

# UN POUCO DE HISTORIA.

## OS MONTES ABERTOS

### O MONTE COMO SOPORTE DO SISTEMA AGRARIO

### A MARXINACIÓN LEGAL DA PROPIEDAD VECIÑAL

### A RUPTURA COS APROVEITAMENTOS TRADICIONAIS: AS REPOBOACIÓNS FORESTAIS

### PROCESO DE DEVOLUCIÓN, CLASIFICACIÓN E LEXISLACIÓN: COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN



## *Os montes abertos*

Ao longo da historia, o elemento básico ao que podemos chamar propiedade comunitaria no noso país constitúeno os chamados montes abertos ou abertais, por contraposición coas propiedades fechadas e parceladas. Son a razón de ser dos concellos abertos, xuntas de veciñas/os que gobernaban e regulamentaban o seu aproveitamento colectivo.

Estes montes abertos contan cun alto protagonismo na documentación histórica que reflicte a vida das comunidades rurais, como son os preitos na Real Audiencia do Reino de Galicia ou o Catastro do Marqués de Ensenada. Reciben diversos nomes e contan con variacións na súa tipificación xurídica en función da igualdade de acceso ao usufruto e a cohesión da comunidade. Recoñécense dúas grandes clasificacións:

## Montes en man común, de veciños/as ou “concejiles”

- Son montes presentes en toda Galicia pero cunha maior preeminencia no Sur, especialmente abundantes e consolidados na provincia de Ourense.
- A titularidade e dereitos de acceso e aproveitamento viña determinada pola veciñanza, por ter “lume” no lugar, casa aberta; o criterio de pertenza era habitacional. Dende un punto de vista xurídico, tipifícanse como un tipo de comunidade xermánica.
- Os dereitos de acceso son indiferenciados e os aproveitamentos e disfrute é igualitario.
- Os dereitos non poden ser transmitidos nin alienados, non se poden comprar, vender ou herdar. A condición de comuneiro/a pérdese si se abandona o lugar.
- O alcance territorial destes montes podía estar vinculados á aldea, ao lugar, á parroquia, ou a un grupo de parroquias... sempre de carácter inframunicipal, xa que os municipios son unha entidade relativamente recente e allea á nosa realidade histórica.
- Aínda que os dereitos e o acceso eran igualitarios, o uso e aproveitamento facíase en función das necesidades de cada unidade agraria, familiar... o que servía como sistema de reprodución do tecido social existente que necesitaba dun equilibrio entre a estratexia familiar e a estratexia colectiva.

## Montes de varas, voces ou vocería

- Son montes proindiviso, comúns e de acceso veciñal en todo o que a pastos e esquilmos se refire, pero con reparticións temporais para roza e cultivo en base a cotas de propiedade.
- O acceso total o marca ser porcioneiro/a, ter cota en propiedade, expresada en voces ou varas. En orixe, estas cotas ían anexas ás terras de labor de maneira proporcional, e estaban vinculadas á casa ou liñaxe propietaria, podéndose allear, vender, e transmitir en herdanza. As cotas eran desiguais en función da capacidade de cada familia.
- Chamábase fabeo ao conxunto de varas ou voces dun monte, e podía repartirse mediante sorteo ou rotación, e as parcelas resultantes coñecíanse como searas.
- A participación na titularidade do monte accédese polo tanto por herdanza ou compra, por pertenza a unha familia ou liñaxe propietaria.
- Supón un acceso máis desigual, responde a un modelo de poboamento máis diseminado e a unha menor cohesión social.
- Están presentes na zona Norte da Galicia. O xeógrafo Abel Bouhier sitúaos ao norte da liña do río Ulla no século XIX, e ao Norte do Tambre nas primeiras décadas do XX, e na década de 1960 apenas ao norte de Lugo. Sufriron un proceso de individualización e reparto que fixo desaparecer a grande maioría, restando moi poucos na montaña lucense, vivindo moitos un proceso de veciñalización ao perderse na memoria o sistema de cotas.
- Dende un punto de vista xurídico responden a un tipo de comunidade romana, o sistema de pertenza ten que ver co vínculo a unha liñaxe.

## O monte como soporte do sistema agrario

A alta porcentaxe de monte en relación a terras de cultivo que historicamente se vén rexistrando no noso país, é un claro indicador do papel fundamental que desempeñaba na reprodución da economía campesiña. O xeógrafo Abel Bouhier calculaba unha relación necesaria de 70/30 entre terreo a monte e as terras de cultivo para que o equilibrio produtivo non se rompese. De feito, as épocas de maior crecemento e intensificación agraria, coinciden cos períodos de tempo nas que máis preitos se dan, por exemplo, ante a Real Audiencia por causa do uso dos montes comunais, o que nos amosa a súa importancia como recurso esencial do “complexo agrario galego”. O monte era o eixo ao redor do que xiraba todo o sistema agrario, funcionaba como:

### Produtor de abono

O monte era o produtor de abono fundamental: o **toxó**. A importancia desta leguminosa, fai que o **monte baixo** fose o protagonista da paisaxe tradicional, xa que del saía o mulime ou **estrume** con que se facía o esterco para fertilizar a terra. Precisábase un equilibrio entre monte e labradío para poder cubrir as necesidades de **fertilización** e soste a produtividade das terras.

### Estivadas, rozas, cachadas...

A través das chamadas estivadas, o monte era susceptible tamén de aproveitamento agrícola. Para obter **colleitas complementarias de cereal**, podíanse parcelar zonas de monte que eran rozadas, queimadas e cultivadas.

### Sostén da cabana gandeira

Vacas, cabalos, ovellas e cabras tiñan no monte a súa fonte principal de alimentación ante a escaseza de pastos especializados. O **pastoreo do monte** era a práctica habitual para o mantemento dos rabaños e supuña unha ferramenta de control e regulamento da biomasa así como de configuración da paisaxe, reservando zonas de **pastos comunais**, coñecidas con nomes como coutadas.

### Madeiras e leñas

E, por suposto, as zonas de bosque e fragas de árbores caducifolias fornecían de madeira como material básico de **construción**, así como de leña para **combustible**, para o que tamén se empregaban as especies arbustivas: toxos, carqueixas, xestas, uces...

E moitos aproveitamentos complementarios: froitos, mel, plantas medicinais, caza, canteiras, carbón vexetal...



## A marxinação legal da propiedade veciñal

Na construción do estado liberal español no século XIX, o ordenamento xurídico só recoñece a existencia de propiedade pública por unha banda, e propiedade privada individual pola outra. A posibilidade dalgún modelo de propiedade comunitaria queda totalmente desbotada, sumindo os montes abertos nunha grave situación de indefensión xurídica. Coa extensión do réxime municipal primeiro (1830) e os procesos de desamortización civil despois (1855), os montes veciñais galegos pasaron a ser considerados titularidade pública municipal e a ser postos en venda.

Para identificar e poder intervir nos montes, de mans dun recentemente creado **Corpo de Enxeñeiros de Montes**, en 1859 ponse en marcha a primeira **Clasificación Xeral de Montes Públicos** que, para Galicia, presenta grandes deficiencias e apenas recolle un 15% da superficie susceptible de figurar nela. Para emendar os erros realízase un novo catálogo en 1862, que leva o mesmo camiño, e un máis definitivo e completo en 1901. Coa **desamortización civil en 1855**, declárase en estado de venda todo o patrimonio pertencente aos propios e comúns dos pobos ou municipios. Só se contemplan algunhas excepcións, entre elas que se demostrase que fosen de aproveitamento común e gratuito e

de alta necesidade para a veciñanza. Os concellos galegos, nestes primeiros momentos, en aras de protexer a orde social, pónense de lado das comunidades veciñais e tramitan na súa grande maioría expedientes de excepción de vendas para salvar os montes veciñais do seu alleamento. Danse tamén casos de compras colectivas, ou dalgún veciño en nome do conxunto deles/as, así como boicots de poxas e resistencia fronte aos novos compradores. As reparticións acordadas foron tamén unha estratexia de loita, unha forma de manter a privacidade da propiedade aínda que para iso houbera que individualizala.

A capacidade de **defensa dos patrimonios veciñais** por parte dos sectores interesados na permanencia de tal forma de posesión, xestión e acceso aos recursos, fixo que a desamortización fracasase na Galicia. O monte supuña un elemento básico da reprodución social, polo que se deu unha confluencia de intereses na súa defensa. A estrutura agraria e as relacións sociais entorno á terra así o demandaban. Non se podían cobrar foros se non había con que pagalos, por iso deuse unha confluencia de intereses entre as elites locais e o campesiñado.

Pero o aparato administrativo xa estaba creado, e a rede de **distritos e enxeñeiros forestais** coa súa capacidade de intervención no deseño de plans de aproveitamento e estados dos montes xa estaba en marcha, e os anhelos forestais comenzaban a quitar tallada pola provincia de Pontevedra.



Monte de Oia no 1912. Fonte: Areses, R: "La provincia de Pontevedra y la restauración forestal de sus montes", *Revista Montes*, marzo-abril de 1953, 50, pp. 95-108.



As plantacións de *eucalyptus globulus* comezaron a xeralizarse a partir dos anos 60, coincidindo coa instalación dunha planta de celulosa na ría de Pontevedra.

## A ruptura cos aproveitamentos traicionais: as repoboacións forestais

Durante as primeiras décadas do XX, co impulso da deputación, na provincia de Pontevedra iníciase o proceso de repoboación forestal dos montes galegos auspiciado polo Corpo

de Enxeñeiros de Montes e a administración forestal. A resistencia ofrecida polas comunidades veciñais é moi alta e, en grande medida, conseguen ir freando a súa expansión.

Ten que chegar unha ditadura como a franquista, co aparato represivo que a acompaña, para que se consiga usurpar eficazmente a propiedade á veciñanza. A partir de **1941**, o **Patrimonio Forestal do Estado** impón consorcios de repoboación que asina cos concellos e coas deputacións, deixando fóra de xogo as comunidades veciñais. Os consorcios seguen a arela económica da autarquía e buscan a **explotación forestal intensiva** con especies de rápido crecemento e masas monoespecíficas, sendo o *Pinus pinaster* o principal protagonista.

A partir dos anos 60, comezará a ser o eucalipto o neno mimando das políticas forestais, acompañando a recente instauración da **planta de celulosa na ría de Pontevedra**. Celulosa e madeira de crecemento rápido comezan a marcar o uso dos montes, marxinando e expulsando os aproveitamentos agrogandeiros.

O monte, pouco a pouco, deixa de ser o soporte do sistema agrario que, á súa vez, sofre un proceso profundo de transformación da man da chamada revolución verde e da intensificación produtiva no sector agrario. Monte, agro e gando rompen o seu vínculo fortemente construído en equilibrio ao longo dos séculos.

## *Proceso de devolución, clasificación e lexislación: Comunidades de montes veciñais en man común.*

Esta usurpación non e fixo sen resistencia. Máis ben ao contrario. O nivel de reacción social e conflictividade ao redor da defensa da propiedade veciñal dos montes foi tan alta dende os anos 40 que, en 1968, iniciouse o proceso de devolución da propiedade ás comunidades veciñais.

Dende o punto de vista xurídico, da propiedade, é unha vitoria sen precedentes: As comunidades rurais vén recoñecidos os seus dereitos históricos e recuperan a plena posesión dos seus montes. Non obstante, dende o punto de vista produtivo, así como trala alta conflictividade entre comunidades e Estado, dáse un choque de modelos produtivos: o agrosilvopastoril fronte ao forestal. A devolución da propiedade consegue pacificar as comunidades para que prevalezan os intereses forestais. Deste xeito, as comunidades son integradas no proceso repoboador e este segue o seu curso...

### Fitos máis relevantes no proceso de devolución e articulación legal dos montes veciñais

- A **lei montes de 1957**: Recoñece a existencia de montes veciñais, pero aínda baixo a tutela dos concellos e da administración. A titularidade é veciñal pero non se aclara se son montes privados ou públicos.
- A **Lei de Montes Veciñais en Man Común de 1968**: Os montes veciñais son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, suxeitos ao dereito xermánico, polo que a veciñanza é o criterio base para acceder ao dereito de propiedade. Defínese un tipo de propiedade colectiva pero privada.
- Proceso de **clasificación de montes** como CMVMC: Créanse os xurados provinciais de montes para a investigación e clasificación dos montes como veciñais en man común. Este proceso ten máis pulo e rapidez en Ourense e Lugo, onde é impulsado polo propio ICONA. Conta con menos axilidade e présa en Pontevedra e A Coruña, pola conflictividade cos concellos que non queren perder o control e os ingresos. En 1977, créase a Coordinadora de CMVMC, que aglutina unha forte loita social de impulso do proceso.
- Nova **Lei de 1980**: Explicita o carácter privado da propiedade veciñal, os concellos deixan de ter atribucións, diminúe o control da administración pública e cámbianse os consorcios por convenios.
- **Lei 13/1989, de carácter autonómico**: establece o marco actual legal das CMVMC.

1800	1960	Hoxe
2 - 1,8 millóns ha	900.000 ha	670.000 ha

*Superficie de montes veciñais ao longo do tempo. Elaboración propia, datos históricos Bouhier, A. (1979)*

# GOBERNO EN MAN- COMÚN.

## COMUNIDADE DE PERSOAS

## PROPIEDAD

### PRIVADA

### COLECTIVA

### VECIÑANZA



A existencia dunha **comunidade de persoas** que se xuntan conscientemente para xestionar un recurso en base a unha serie de normas de uso é o piar que fundamenta a existencia dos bens comunais. Esta estrutura é a que presentan as CMVMC, nas que veciñas e veciños con vontade colectiva se organizan para o aproveitamento do monte que lles pertence como comunidade que, no presente, actúa de ponte entre as xeracións pasadas e as futuras.

A **propiedade** das CMVMC, con independencia da súa orixe, é de natureza **privada**; os montes pertencen ás agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e son estes grupos veciñais os titulares exclusivos da propiedade, tendo plena soberanía fronte á administración. Esta propiedade é inembargable, imprescritible e inalleable. E é, tamén, unha propiedade **colectiva**: todo pertence a todo o grupo, sen cotas individuais, é un aproveitamento en réxime de comunidade sen asignación de cotas.

As normas de acceso á comunidade xiran entorno á **veciñanza**: as persoas comuneiras son aquelas que son veciñas, é dicir, que residen nas entidades de poboación ás que está adscrito o monte. Esta veciñanza recóllese de varias maneiras e a inclusión non é automática, é voluntaria e require da preceptiva tramitación formal en cada comunidade.

## Comuneira = veciña

- *Veciñanza administrativa*: inscritos no padrón municipal.
- *Residencia habitual*: período de residencia mínimo segundo os estatutos de cada comunidade.
- *Veciñanza de feito*: ter casa aberta e con fume.

Defínese como un modelo de **propiedade democrática**, que debe contar cun sistema de toma de decisións baseado nos principios de autonomía, democracia e igualdade. Os marcos mínimos de organización da súa forma de goberno deben ser análogos a outras asociacións con personalidade xurídica. Neste sentido, a estrutura de goberno básica seguida na actualidade é:

### A Asemblea Xeral

- É o órgano supremo da comunidade, único competente para as decisións importante e con capacidade de elixir á xunta reitora.
- Está formada por todas as persoas inscritas como comuneiras, unha por casa ou unidade familiar.
- Poden ser ordinarias, mínimo unha vez ao ano, ou extraordinarias a iniciativa da xunta reitora ou a petición dun mínimo do 20% das persoas comuneiras.
- Deben convocarse con dez días de an-

telación mediante notificación escrita, incluíndo a orde do día dos asuntos a tratar.

- Deben estar en primeira convocatoria máis do 50% das persoas comuneiras e en segunda o 25%, para que os acordos podan ter vigor.

### A Xunta Reitora

- É o órgano de goberno, xestión e representación, co propósito de levar a cabo os acordos tomados pola asemblea.
- É elixida pola asemblea e ten un mandato de catro anos.
- Está composta por unha persoa presidenta e un mínimo de dúas persoas vogais que exercerán a secretaría e a tesouraría.

### Os Estatutos

- Deben definir como se fará a atribución da condición de comuneira/o, a representación por casa e a delegación, as obrigas das persoas comuneiras e a admisión das novas.

Pero máis alá desta estrutura, as CMVMC contan con **autonomía para ditar as súas propias normas** de organización e distribución de competencias, o que lles ofrece unha ampla capacidade autonormativa e autoorganizativa. Esta característica recollida na lexislación ten unha alta potencialidade a desenvolver.

A lexislación tamén lles reconece amplas marxes de **autonomía na actuación sobre os montes**

**e os seus aproveitamentos**. Neste sentido, as comunidades teñen a capacidade de asignar a superficie do monte aos usos e destinos, bens ou produtos que decidan, dende instalacións, edificacións, obras, servizos, até usos forestais, gandeiros ou agrícolas, ou calquera outros que a comunidade considere poidan redundar “en beneficio directo dos veciños”.

Presentan unha autonomía limitada pola **responsabilidade da comunidade propietaria fronte á historia**: a comunidade propietaria é responsable ante o futuro, ten dereito e obriga de preservar e perpetuar, sen desnaturalizar, a propiedade. Os seus son dereitos de propiedade circunstanciais, habitar o territorio, non definitivos.

Contan tamén con autonomía limitada polas restricións á hora de dispor dos froitos da propiedade, xa que unha parte dos rendementos do monte deben dirixirse a “investimentos no propio monte” para a conservación e mellora do mesmo. Establécese un mínimo dun 40% dos rendementos económicos. Na lei de 1989 establecíase a obrigatoriedade da existencia dun retorno social, é dicir, do reinvestimento en accións en beneficio da comunidade de veciñas. Este aspecto foi eliminado pola Lei de Montes de Galicia de 2012.

Por outra banda, a súa autonomía tamén se ve limitada pola capacidade de tutela e control que se lle reserva á Administración Pública:

- Deben definir como se fará a atribución da condición de comuneira/o, a represen-

tación por casa e a delegación, as obrigas das persoas comuneiras e a admisión das novas.

- É un órgano da administración, o Xurado Provincial de CMVMC o que clasifica o monte e atribúe a propiedade á comunidade veciñal, fixando superficie e lindes.
- Ten capacidade de intervención nos actos de disposición: informes, autorizacións, licencias aproveitamentos, aprobación de plans técnicos ou proxectos de ordenación.
- Resérvase a xestión cautelante ante unha situación de grave abandono.
- Pode optar á xestión directa a través de convenios.
- Obriga de reinvestimento do 40% no propio monte, tendo que solicitar autorización xustificada en caso contrario.

Todo este sistema colectivo de autogoberno, que chega até os nosos días, supón unha base sólida sobre a que traballar para poder afrontar algúns dos principais retos que presentan as CMVMC a día de hoxe: a falta de **relevo xeracional**, a necesaria incorporación de **mulleres comuneiras** para romper a tendencia de seren só os “cabeza de familia” quen representen as casas, ou a necesidade de xerar dinámicas de **maior participación** e implicación de todas as veciñas e veciños. Todo isto, defendendo que se manteña a soberanía en mans das comunidades, xa que coas últimas modificacións lexislativas, vemos de maneira preocupante como esta se limita cada vez máis.

mulleres  
comuneiras

**AUTONOMÍA**

PARA DITAR  
AS SÚAS

**PROPIAS  
NORMAS**

*responsabilidade  
da comunidade  
propietaria fron-  
te á historia*

**maior  
participación**

RE  
LE  
VO  
XERACIONAL

**AUTO  
NOMÍA**  
NA ACTUACIÓN SOBRE OS  
**MONTES**  
E OS SEUS  
**APROVEITA-  
MENTOS**

## Proceso de clasificación dunha CMVMC

- Pode inicialo de oficio o propio Xurado Provincial ou a instancias dun grupo de veciñas/os.
- A solicitude para o inicio do procedemento debe ir acompañado de información topográfica que identifique o monte e información histórica que avale a súa natureza veciñal.
- Mentres non se faga a resolución, o monte non pode ser obxecto de alleamento nin división.
- A súa tramitación debería axustarse ao prazo dun ano.
- Se a clasificación vai adiante, debe celebrarse unha asemblea constituínte para elixir unha xunta reitora provisional, e mandar a súa acta ao Rexistro Provincial de Montes Veciñais.
- A xunta reitora provisional debe facer un censo de persoas comuneiras, uns estatutos de funcionamento e convocar unha primeira asemblea ordinaria para a súa aprobación. A acta desta asemblea xunto á copia dos estatutos volve a remitirse ao Rexistro.
- O último paso sería a solicitude dun CIF propio na Axencia Tributaria.

A lei 13/89 contempla a posibilidade de establecer mancomunidades de montes: unión das comunidades dun concello ou comarca para mellora do seu funcionamento interno, para compartir traballos e/ou servizos, coordinar esforzos, etc.

## Lexislación que afecta ás CMVMC

- Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.
- Decreto 260/1992 polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989 de montes veciñais en man común.
- Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 7/2012 de Montes de Galicia.
- Decreto 50/2014 polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.
- Decreto 52/2014, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia
- Decreto 23/2016 polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

# O MONTE E OS SEUS USOS PRODU- TIVOS.

## POSIBILIDADES DE FUTURO

*Gandeiro*  
*Froiteiro*  
*Apícola*  
*Produción de madeira*  
*Compostaxe*



Existen moitas definicións para o monte, habendo incluso unha deriva na denominación cara ao termo “terreo forestal”, que non fai se non acoutar a dimensión do mesmo.

Repasando as súas definicións, vemos as seguintes. Temos a versión académica da RAG:

<<elevación importante do terreo ou terreo cuberto de vexetación espontánea (toxos, fentos, silvas, arbustos...), que pode estar poboado de árbores>>

E a versión que se recolle na lexislación:

<<todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de mato ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas, que inclúe terreos ermos, rochedos e areais, as construcións e infraestruturas destinadas ó servizo do monte no que se ubican, os terreos agrícolas abandonados sempre que teñan adquirido signos inequívocos do seu estado forestal ou incluso todo terreo que se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ó uso forestal>>

Na escolas forestais sempre se falou do termo agrario, que engloba ás producións agrícolas, gandeiras e forestais. Neste senso vai tamén a definición dada polo historiador Xesús Balboa<sup>1</sup>:

1. Balboa, X (1999)

<<toda superficie rústica non dedicada permanentemente a cultivo... todos aqueles espazos que, dentro do sistema agrario, se definen por contraste coas terras de labor... representen ou non elevación orográfica... estean ou non poboados de árbores>>

Como apuntamos no primeiro capítulo, ao longo da historia, o monte sempre estivo poboado, en maior ou menor grao, de mato baixo e especies arbóreas, e permanecía integrado nun sistema agrario, do cal era parte imprescindible. Nel realizábanse **as estivadas**, que consistían arrincar o manto vexetal para, posteriormente, amorealo e queimalo de xeito controlado durante varios días. As cinzas eran espaxadas pola superficie a cultivar onde, finalmente, se traballaba a terra e procedíase á sementeira do gran, centeo ou “trigo do monte”. En xeral, no aproveitamento dos montes veciñais, e en particular nas estivadas, artellábase un sistema de rotación que permitía un aproveitamento sustentable do terreo, sen esgotar a súa capacidade produtiva. Cada ano, a comunidade propietaria decidía en que parte do monte se realizaba a estivada, dividindo entre as persoas comuñeiras. Unha vez obtida a colleita, o terreo volvía quedar para o aproveitamento común. Así, aínda que as estivadas se realizaban tódolos anos, o período que transcorría entre dúas sementeiras no mesmo terreo oscilaba entre dez e quince anos. Este período depende de diversos factores como a adecuación do terreo do monte para aproveitamento agrícola, necesidade de renovación da cuberta vexetal,

superficie total do monte, número de persoas veciñas, etc...

Outro dos aproveitamentos importantes, como vimos, era a **colleita de estrume**. As especies que compoñen as matogueiras dos montes do país, especialmente toxo e fento, utilízanse como cama para o gando, que ao mesturarse coas dexestións deste forman o esterco. Este esterco, ben madurado, é un excelente abono orgánico para as terras de cultivo.

A necesidade de fertilización das terras en Galicia (8-16 Tn de estrume por ha de terra de cultivo e ano) facía que a superficie de monte fose moi superior á das terras de labor. En moitos lugares, chegou a sementarse toxo nos montes para obter un bo fertilizante rico en nitróxeno. Conquistar terras de labor a expensas do monte, sen ter en conta o equilibrio necesario entre ambas superficies, suporía un descenso inmediato dos rendementos por falta de aportes fertilizantes, así como unha diminución de alimentos para o gando.

Outros aproveitamentos son os **froitos**, recolléndose para o consumo humano e animal, ben das árbores cultivadas (castañas, nozes, abelás, landras, ...), ben das matogueiras (amoras, arandos, ...). As **plantas medicinais**, habendo todo tipo de remedios da sabedoría popular transmitidos de xeito oral, para certas doenzas menores, tiñan a súa base nas especies vexetais que se atopaban nos montes. Disto botará man a industria farmacéutica

para elaborar medicamentos máis complexos. **Leña e carbón vexetal como combustible** indispensable para cociñar e quentarse. **Madeira e pedra/lousa** empregadas na construción local. **Caza e pesca**, como subministradoras de alimento. **Xestas e vimbios** para vasoiras e cestería, etc...

Un aproveitamento de certa importancia era a **apicultura**, que en Galicia está baseada, principalmente, na flora de bosque e que segue vivente con pequenos produtores locais.

Quizais o máis importante aproveitamento do monte foi sempre o **gandeiro**. As terras de labor estaban destinadas exclusivamente a cultivos agrícolas, mentres que o resto de aproveitamentos se desenvolvían no monte. O gando, sustento da economía rural de Galicia, pacía libremente polo monte volvendo ás cortes pola noite. Este aproveitamento podía facerse de xeito individual ou conxuntamente, de xeito que os rabaños de tódolos veciños subían ao monte xuntos. Xeralmente, estes rabaños eran mixtos, compostos por gando vacún, ovino e cabrún. Mesmo o gando porcino se botaba ás leiras e montes da beira das casas.

O aproveitamento forestal madeireiro é hoxe en día o de maior volume nos montes de Galicia, chegando a unha superficie arborada do 50 % do territorio. O volume de madeira cortada no país supón o 50% de todo o Estado, pero o peso económico non chega a esas cifras. Se falamos do mercado de segunda

transformación (carpintería e mobles), o número baixa a un 8%.

En todo caso, estanse cortando ao ano arredor de 8 millos de metros cúbicos de madeira, que fan que o sector represente ente o 1,8 e o 3,5 % do PIB galego, sendo a produción principal a de pasta de papel e taboleiro.

Na actualidade, o declive da actividade agraria e o abandono do rural leva á **forestación** mesmo das terras de cultivo e ao emprego de especies de crecemento rápido en ciclos curtos, cunha silvicultura moi precaria, para a obtención de produtos de baixa calidade.

Nos séculos XIX e principios do XX desenvolveuse o proceso de mecanización dos serradoiros a pequena e mediana escala, que traballaban con especies autóctonas e piñeiro. Este tecido económico foi destruído coa irrupción da grande industria de pasta de celulosa e de taboleiro, que foi impulsada fortemente durante o franquismo, e que acaba supondo o peche de grande parte dos pequenos serradoiros.

Unha nova ameaza para os aproveitamentos dos montes é o avance dos **cultivos enerxéticos**, como base de sustento das centrais eléctricas de biomasa, que supón unha alta demanda de terra para cultivar especies forestais con densidades moi altas en quendas moi curtas destinadas a queimar para producir enerxía.

## Posibilidades de futuro

O monte, na súa condición de bosque, debe cumprir as funcións ambientais e protectoras: contra a erosión, regulación do ciclo da auga, fixación de CO<sub>2</sub>, mantemento da biodiversidade, conservación da paisaxe e amortecemento da temperatura entre outras.

No tocante aos usos produtivos, non se inventa nada novo. As posibilidades están en recuperar usos perdidos aplicando técnicas melloradas. Os terreos de monte teñen que volver a estar dentro do sistema agrario, de xeito que contribúan ó incremento da superficie agraria útil para a produción de alimentos. Neste senso, os aproveitamentos máis importantes a recuperar son:

### Gandeiro

Cóntase con amplas zonas de monte adecuadas para este uso, que poden soportar unha cabana importante en manexo extensivo que funcione ao mesmo tempo como control da biomasa.

### Froiteiro

Existe un auxe da produción de castaña, especialmente debido á calidade do produto e á baixada da produción en Europa, que se traduce na plantación de castiñeiros e a instalación de cooperativas e industria de

procesado. A maiores do establecemento de novas plantacións produtoras de froito, o reto máis importante neste sector é a recuperación de centos de hectáreas de soutos abandonados dos que se poderían obter boas producións nun breve espazo de tempo. O maior problema deste aproveitamento está nas pragas e enfermidades que están a min-guar a especie (tinta, cancro e avespiña) e que poden supoñer unha baixada na produción de máis do 80%.

As plantacións deben facerse con marcos amplos (10x10, 12x12) e, segundo a zona, usando patróns resistentes á tinta. Para facilitar a recollida e clasificación non se deben mesturar variedades pé a pé e pode ser necesaria a presenza dalgunha variedade polinizadora. A silvicultura, en canto a podas e tallas de formación, é un factor importante para a mellora da produción, pero tamén pode ser un factor de contaxio de enfermidades, polo que hai que manter unha boa desinfección da ferramenta antes de tratar cada árbore. Unha boa parte do territorio galego pode acollerse á IXP Castaña de Galicia.

Cabe destacar tamén as boas condicións dos montes galegos para albergar outros tipos de froitos secos como as noces ou abelás, que están acadando altos prezos no mercado. Neste caso, as plantacións permiten un marco con maior densidade, podendo baixar a 8x8 ou 6x6.

Por outra banda, nos últimos tempos, estí-vose a facer unha recuperación importante da produción de oliveira, que pode ser unha

alternativa viable nas zonas tradicionais de produción.

### Apícola

En Galicia sempre se mantivo unha importante actividade apícola e era raro a aldea que non tivese algunha casa con cortizos, trobos, lacenas; existindo un importante patrimonio cultural de construcións adicadas a este uso.

Houbo unha gran transformación da produción coa entrada das colmeas móbiles e as practicas modernas, aínda que, posteriormente, se perdeu boa parte da expansión deste uso. Non obstante, sempre se mantivo unha importante tradición abelleira no país e estase a contemplar un rexurdimento notable. Existe un bo número de pequenos produtores e hai un tecido cooperativo considerable de envasado.

O mel en Galicia destaca pola súa procedencia de pasto silvestre, especialmente de monte, que lle dá un plus de naturalidade e ausencia de pesticidas con respecto a outras rexións onde este aproveitamento depende totalmente de grandes producións agrícolas.

Nesta produción hai que cumprir a normativa sobre establecemento de apiarios. Esta lexislación, no que se refire a distancias a gardar, non está adaptada ao territorio galego e pode supoñer un serio problema á hora de buscar unha localización para instalar as colmeas.

Unha importante problemática para este aproveitamento é a gran mortalidade que

se está a dar nos enxames, provocada principalmente por enfermidades, afectación por agrotóxicos e o ataque por *Vespa velutina*.

A cifra que se manexa para poder vivir exclusivamente deste aproveitamento é dun mínimo de 100 colmeas, sen embargo resulta relativamente doado establecer un menor número para facer da apicultura unha actividade complementaria.

### Produción de madeira

É necesario unha recondución desta industria, coa utilización de especies autóctonas, a mellora na silvicultura e a obtención de produtos con maior valor engadido que sexan transformados no propio territorio galego onde aínda se mantén, por exemplo, unha importante industria do moble.

Dadas as quendas que se manexan, a transformación produtiva deste aproveitamento non vai ser a curto prazo, pero é importante que se fixen as bases para camiñar cara a unha reestruturación integral.

Ademais dos xa coñecidos usos para moblería do castiñeiro, nogueira, cerdeira, etc... temos exemplos de multinacionais escandinavas que fabrican mobles con bidueiro, que tamén é unha especie apta para a produción de pasta de papel, ou os bosques de faia e carballo franceses cun aproveitamento importantísimo para tonelería, entre outros usos.

### Compostaxe

Hai experiencias no país do uso da biomasa residual terciaria (restos procedentes de cortas e podas), así como da matogueira, para a produción de abono. Neste caso é importante asegurar unha cantidade mínima que quede no monte para nutrir o propio solo.


Nesta situación teñen un papel fundamental as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, xa que contan cunha superficie e un modelo de funcionamento que facilitan a transición cara a diversificación de usos de xeito sustentable e multifuncional.



# O USO GANDEIRO DO MONTE.

## OS PASTOS

## TIPO DE GANDO E MANEXO



Segundo datos do IGE, en Galicia é suficiente cunhas 20 ha. para crear un posto de traballo no sector agrogandeiro, pero son necesarias ao redor de 500 ha. para crear un posto semellante no sector forestal.

O aproveitamento gandeiro nos montes pode ser directamente pasteiro ou silvopastoral. Este último consiste en combinar a produción forestal coa produción de gando, de tal forma que se obteña unha importante rendibilidade económica e medioambiental. Para isto, pódese implantar ou mellorar a calidade do pasto existente nunha masa arbórea ou plantar árbores nun terreo de pasto xa existente.

O uso gandeiro do monte, amais da súa capacidade produtiva, é unha ferramenta moi importante polo que supón para a loita contra os incendios. Co gando pódese pastorear boa parte dos montes (especialmente con razas autóctonas adaptadas ao entorno) eliminando así gran parte da biomasa susceptible de provocar e alimentar o lume.

## *Os pastos*

Nos sistemas silvopastorais precísanse de especies arbóreas e arbustivas con copas claras e permeables á luz, así como densidades baixas, para favorecer o crecemento do pasto natural.

As especies máis características do sotobosque son toxo, fentos, silva, uces, xestas e numerosas herbáceas, principalmente dos

xéneros *Agrostis*, *Holcus* e *Avenula*. A produtividade destes sistemas soe estar entre 2.5 e 3.2 toneladas de materia seca por ha. e ano.

No caso de que a densidade e tamaño do mato impida a entrada do gando, será necesaria a realización dun tratamento previo, que pode ser por esmagamento, roza ou queima. Desta maneira provócase o rebrote das especies, moito máis apetecibles, nutritivas e que serán mellor controladas polo gando.

Para usar o método de pastoreo rotacional, débese cercar a superficie pastoreada e dividila no número adecuado de parcelas, para o que é necesario a instalación de peches e valos. O máis usado son os postes de madeira con fíos ou malla de arame. Pódense usar postes de algunhas especies autóctonas, sen aplicarlles tratamentos, como carballo, castiñeiro, salgueiro, loureiro, etc... plantados en inverno que, deste xeito, enraízan con facilidade e se convierten en peches vivos, recuperando as tradicionais sebes.

Pola acción do pastoreo, a composición vexetal do monte vai cambiando; coa introdución de gando lignívoro (cabras e cabalos), favorécese un maior desenvolvemento de especies herbáceas. Tamén se pode constatar unha diminución de leguminosas leñosas (toxos y xestas) que son as encargadas de fixar o N atmosférico ao solo. Isto, en parte, é suplido polo aporte de abono que fai o gando.

En moitos casos, faise necesaria a implantación dalgún pasteiro para complementar a

alimentación do gando. Ademais dos métodos convencionais utilizados na agricultura actual, pódese favorecer o paso de matogueira a pasteiro con métodos de laboreo mínimo.

No Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, analizouse o comportamento do raigrás inglés, dáctilo, trevo violeta e trevo branco, implantados nun piñeiral de baixa densidade polo método de mínimo laboreo. As conclusións extraídas desta proba son as seguintes:

- Pódese cambiar o mato por pasto co método de mínimo laboreo, abonado e pastoreo con gando.
- As gramíneas presentes (dáctilo e raigrás inglés) establécense bastante ben pero é o dáctilo o que logra unha mellor produción e boa persistencia no tempo, sendo por tanto o máis recomendable.
- Os trevos necesitan cal, fósforo e potasio para o seu establecemento. Sendo o trevo violeta indicado para misturas, chegando a aumentar un 25% a produción de mistura con gramíneas, non sendo así co trevo branco.
- Non se producen efectos negativos sobre a masa arbórea.
- As plántulas de arborado que xerminen dentro de finca non serán problema ningún dado que o propio gando as elimina ben coméndoas ou ben pisándoas.

## Tipo de gando e manexo

No aproveitamento gandeiro en montes, podemos decantarnos por dous modelos de pastoreo: extensivo ou rotatorio:

- No caso do **modelo en extensivo**, o gando pasta libremente polo monte. Isto require un menor manexo e menos infraestruturas. Porén, o aproveitamento dos recursos e o control do mato é menor, chegando a producirse problemas de esgotamento, erosión e desertización en determinadas zonas. As cargas gandeiras deben ser baixas e acordes coa dispoñibilidade de alimento.
- No **modelo rotatorio**, divídese o monte en parcelas e o gando pasta só na zona delimitada, utilizando cargas gandeiras puntuais elevadas e producíndose unha maior presión sobre as especies leñosas e pratenses. Por outra banda, no tempo de descanso, a recuperación das herbáceas é moito maior, xa que non sofre a acción de pacer continuamente. En xeral, traballase con tempos de ocupación de 1 mes e 3 de repouso.

### Cabra

Fai un bo aproveitamento das plantas leñosas, chegando a preferilas antes que o pasto herbáceo. Controla ben as silvas, os toxos en caso de que sexan brotes novos, as uces, as xestas e os brotes de frondosas. Necesitan un refuxio onde protexerse das inclemencias do tempo e atención nos partos.

A maioría das explotacións de Cabra Galega concéntranse nas zonas de montaña das provincias de Lugo e Ourense, onde fan un aproveitamento dos montes como ningunha outra especie é capaz de facer. O sistema de manexo utilizado é extensivo ou semiextensivo, tratando de optimizar ao máximo os recursos que ofrece o territorio. Os partos adoitan agruparse nos meses de primavera, que é a mellor época para que as cabras estean ben alimentadas e poidan criar os cabritos.

A raza Cabra Galega ten actualmente un censo de animais moi reducido, o que se traduce nunha produción a día de hoxe moi escasa, pero cunhas perspectivas de futuro moi grandes dado o número de criadores que están traballando coa raza.

### Ovella

A ovella non é adecuada para especies leñosas, aínda que come ben os brotes novos de toxos e uces. Favorece a instalación de pastos xa que corta a herba a ras de chan, pero isto tamén lle ocasiona problemas por parasitos.

Deben ter tamén refuxio para recollerse ante o mal tempo.

A Ovella Galega resulta idónea para explotacións en réxime extensivo-semiextensivo, xa que a súa rusticidade confírelle unha perfecta adaptación ao medio, polo que son animais verdadeiramente especialistas en aproveitar os recursos naturais. Ademais, estes animais posúen unhas importantes cualidades produtivas debidas á súa alta fecundidade e proliferade, sendo normais os partos dobres e moi frecuentes os múltiples. A todo isto hai que engadirlle a súa alta rusticidade e a gran resistencia ás enfermidades.

### Cabalo

O cabalo controla moi ben o toxo (incluso adulto), as xestas e as gramíneas duras, ten menos apetencia por uces e silvas. Presenta unha moito menor necesidade de puntos de refuxio.

O Cabalo de Pura Raza Galega é extremadamente rústico, adaptado a condicións meteorolóxicas adversas. Non necesita unha alimentación especial, sendo capaz de manterse e reproducirse unicamente en zonas de matogueira. Xeralmente trabállase co manexo en extensivo, cos cabalos soltos no monte, acudindo as persoas gandeiras para controlalos e crear vínculos. Actualmente está sendo criado nas partes máis altas dos montes galegos, en zonas que no poden ser aproveitadas para producir pastos.

## Vaca

Tampouco é adecuada a vaca para o control de especies leñosas. Aínda que come brotes de uces, pode chegar a enfermar tras un consumo prolongado (embreamiento), causada por algunha carencia de nutrientes. Non controla toxo, xesta, fentos nin silva. Consume brotes novos de carqueixa. Presenta baixa necesidade de puntos de refuxio.

### Cachena

As cachenas son reprodutoras con moi boas cualidades maternas e unha gran facilidade de parto que se ve favorecida polo reducido peso dos becerros ao nacemento. Ademais, a súa aceptable produción leiteira permítelles aleitar ás crías ata o desleite. A súa rusticidade e a grande adaptación ao medio, con alto grao de transformación de alimentos groseiros, fana óptima para terreos abruptos e con poucos recursos herbáceos. Antigamente esta raza posuía un triplo aproveitamento: traballo, carne e leite.

### Limíá

Antano esta raza era explotada pola súa tripla aptitude: traballo, carne e leite, cunha maior orientación cara ao traballo. Aínda que perdura algunha explotación familiar de pequeno tamaño, os exemplares de limíá adoitan criarse en rabaños en extensivo. O seu principal uso produtivo actual é a carne, se ben tamén se pode explotar para obter queixos de calidade diferenciada. A excelente capacidade leiteira destes animais e a súa sublime capacidade maternal fan posible conseguir xatos moi pre-

zados por ser os de maior peso ao nacemento e á desteta de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción.

### Caldelá

Resulta idónea para explotacións en réxime extensivo, xa que son capaces de facer un bo aproveitamento dos recursos pastables de alta montaña na súa maioría. Son animais rústicos, de gran aptitude maternal e de temperamento tranquilo, características que conducen a unha gran docilidade e a un excelente manexo. A raza atopábase tradicionalmente en explotacións de índole familiar e manexo artesanal. Os sistemas mixtos de estabulación e pastoreo eran as fórmulas de cría máis habituais, se ben na actualidade se tende a manter os animais no pasto de forma continuada.

### Freiresa

A rusticidade, a facilidade de manexo e a gran mansedume desta raza fana óptima para o réxime extensivo, pois ademais aproveita recursos materiais que outras razas máis selectas desbotarían. Antigamente, esas características facían que fora unha raza moi apreciada para os traballos agrícolas. Na actualidade o seu principal uso produtivo é a carne.

### Vianesa

Explotada antigamente como animal de traballo, na actualidade a súa utilidade céntrase na produción de carne de calidade. O sistema de explotación é o extensivo en pasteiros, áreas de bosque e matogueiras. A súa rusticidade, é dicir, a adaptabilidade a explotarse en zonas de difícil acceso para outras razas, e a

capacidade leiteira, que se demostra no elevado ritmo de crecemento das crías, fan que sexa unha raza de gran futuro no panorama gandeiro.

### Rubia Galega

A raza caracterízase por ter gran rusticidade e capacidade de adaptación aos medios adversos. É unha raza dócil, de fácil manexo, que se caracteriza pola mansedume. Ten excelentes cualidades maternas, un alto índice de fertilidade e facilidade de parto. A produción actual é a de carne, tendo unha boa produción leiteira para este tipo de razas.

## Porco

Unha das características máis destacables é a capacidade para diminuír ou eliminar a presenza do feito, que case ningunha especie controla, xa que ao fozar vai desenterrando os rizomas que, ou ben come, ou ben deixa desenterrados e morren ao secar. Outro aspecto de interese é a capacidade para aproveitar os froitos das árbores (especialmente carballo e castiñeiro). Precisa de refuxio para protexerse das inclemencias do tempo.

O Porco Celta fai un aproveitamento dos montes mediante silvopastoreo que contribúe á prevención de incendios e ó mantemento da paisaxe de Galicia. Resulta un recurso importante na dinamización das zonas rurais. Son animais con gran capacidade para a limpeza da matogueira, evitándolles ás árbores a competitividade polos recursos do chan. Ao mesmo tempo, a cría en continuo movemen-

to ao aire libre e os complementos naturais na dieta (castañas, landras, herba...) dan lugar a un produto final de extraordinaria calidade, tanto organoléptica como nutricionalmente. Polas súas características morfolóxicas resulta ideal para o aproveitamento de montes, fragas e soutos. Son animais rústicos con extremidades longas e de bo desenvolvemento muscular, polo tanto moi adaptados para desprazarse largas distancias en busca de alimento.

Como **conclusión**, pódese dicir que a viabilidade e optimización do aproveitamento gandeiro e o mantemento do monte radica no uso de **rabaños mesturados**, que se complementen na utilización dos distintos recursos presentes no monte.

Existe, nalgunhas zonas, a tradición do pastoreo libre. Non obstante a **lexislación actual** estipula que tódolos aproveitamentos do monte son só propiedade da persoa titular, o que leva a establecer figuras de acordo. Para o aproveitamento por parte de veciñas/os comuneiras/os é posible facer un reparto equitativo de parcelas, que deberán ser rotadas ao cabo de 11 anos. Existe tamén a posibilidade de realizar un arrendamento a terceiros, que podería ser por ata 30 anos.

En todo caso, o aproveitamento gandeiro do monte está regulado na lexislación galega e precisa da elaboración dun **plan de aproveitamentos** (que pode estar incluído no documento de ordenación); ademais, as parcelas con este uso deben inscribirse no rexistro público de terreos forestais de pastoreo.

# MONTES, INCENDIOS E USOS PRODUCTIVOS.

**A SUPERFICIE QUEIMADA ACUMULADA DENDE O ANO DE 1975 É SUPERIOR Á METADE DO TERRITORIO GALEGO**

**É IMPRESCINDIBLE UNHA ORDENACIÓN SUSTENTABLE E MULTIFUNCIONAL DOS MONTES**

**A PRODUCCIÓN GANDEIRA CONTRIBÚE A FREAR OS LUMES**



O uso do lume en Galicia foi dende tempos inmemoriais unha ferramenta de traballo para abonado das colleitas e renovación de pastos. Unha ferramenta controlada e controlable, pola estrutura de organización do territorio existente ata tempos recentes.

O lume como instrumento de destrución comezou a utilizarse como medio de resposta á usurpación dos montes á veciñanza e, sobre todo, contra a imposición das plantacións forestais por parte do Estado, que implicaba a prohibición doutros usos, especialmente o gandeiro. Os consorcios de repoboación forestal expulsaban ás comunidades labregas do monte, eliminando o seu medio de vida e sustento da economía familiar. Dende aqueles acontecementos, as causas do lume mudaron moito, non tendo na actualidade nada que ver coa veciñanza comuneira.

Nas últimas décadas, o número de lumes e a superficie queimada supuxo unha problemática de primeira orde no país, con anos que se alcanzaron cifras de 200.000 ha. ou 15.000 lumes. Chegando a unha superficie acumulada dende o ano de 1975 superior á metade do territorio galego, no que existen zonas que se queiman reiteradamente ao longo dos anos.

Aparte das motivacións para provocar incendios, tema complexo e profundo, a día de hoxe danse unha serie de elementos que fan que a incidencia dos lumes e o seu dano sexa cada vez maior. Factores como a industrialización da agricultura, a colonización con plantacións forestais monoespecíficas de es-

pecies altamente pirófitas como o eucalipto, a escasa silvicultura, o abandono rural e o cambio na estrutura territorial (consecuencia do anterior), fan que os lumes teñan un avance e unha virulencia moi alta, arrasando bosque, plantacións forestais, cultivos agrícolas, construcións, etc...

As medidas que se tomaron foron principalmente encamiñadas a dotar de medios materiais a extinción nos servizos de incendios. Incluso as medidas que se encaixan no apartado da prevención, como os cortalumes, forman parte dunha mellora na extinción. Nos últimos tempos, a lexislación tratou de establecer limitacións para frear o avance dos lumes, pero que se quedan en accións parciais.

A problemática dos lumes forestais só pode ser abordada dunha forma integral, mediante tres eixos básicos: a diminución da actividade incendiaria, unha axeitada ordenación do territorio e a fixación de poboación e desenvolvemento de actividades no rural. Neste senso, as comunidades de montes xogan un papel fundamental polo tipo de *gobernanza* común do territorio e pola superficie que xestionan.

Unha das eivas importantes na actual actividade forestal é a da plantación masiva de especies de crecemento rápido, que se abandonan no propio momento da repoboación ate que chegan á quenda de corta.

É imprescindible unha **ordenación sustentable e multifuncional dos montes** que permita recuperar a paisaxe de mosaico tradicional

en Galicia, combinando e intercalando terras de labor, pasteiros, monte e núcleos rurais. As estruturas de protección contra incendios, tanto dos montes como das casas, non poden pasar por crear faixas desertas que continúen a contribuír ao cambio climático, senón pola existencia de usos que freen o avance do lume (masas de frondosas, vexetación de ribeira, pasteiros, froiteiras, etc...).

Unha das primeiras accións a desenvolver é a limitación da continuidade superficial de plantacións forestais en grandes extensións. Continuando por aplicar unha silvicultura axeitada. A conservación e creación de novas masas de frondosas autóctonas permite a diversificación da produción madeireira cara produtos de maior calidade, ademais de crear zonas verdes na protección contra incendios.

Do mesmo xeito é importante a recuperación e implantación doutros usos do monte, a súa multifuncionalidade. A produción de froito, por exemplo. No caso da castaña, mediante soutos de castiñeiros, créanse masas libres dun crecemento incontrolado do mato que contribúen a frear os lumes. E isto é aplicable a outras producións de froitos secos e froitas.

A produción gandeira, pola súa banda, contribúe a frear os lumes de dous xeitos: por un lado está o control do mato por parte do gando e, por outro, a necesidade de creación de pasteiros que supoñen amplas faixas de protección. A nivel de frear o avance do lume, a apicultura non actúa sobre grandes zonas, pero contribúe a crear unha impor-

tante rede de pequenos espazos libres de biomasa.

En todo caso, a contribución da multifuncionalidade non pasa só por limitar o avance dos incendios. É de vital importancia para a creación de rendas periódicas producidas polos aproveitamentos do monte, como contraposición ás longas quendas da produción puramente forestal. Isto axuda a crear postos de traballo e á fixación de poboación no rural. Ademais de que a xestión destes usos require dunha presenza continuada de persoas traballadoras nos montes, o que implica volver a habitalos, a incorporalos nas vidas e nos traballos.

Nun senso amplo, coa multifuncionalidade contribúese a dinamizar e revitalizar o rural, o que incide non só en que as actuacións contra o lume sexan máis eficaces, senón que fai que o número de incendios sexa cada vez menor porque os montes volven a estar activos e produtivos.

O despoboamento do rural só contribúe a que os terreos pasen a ser xestionados por empresas enerxéticas, mineiras ou madeireiras, coa creación de grandes superficies de monocultivo con presenza puntual de persoal laboral para tarefas específicas e un nulo interese polo monte en si mesmo. Pola contra, a revitalización do rural leva á presenza habitual de persoas nas aldeas, á creación de actividades labregas, á xeración de rendas e a volver achegar o monte á poboación e a poboación ao monte.



Sup. quemada (ha.)

Nº de lumes




Gráfico da evolução de lumes e superfícies queimadas nos anos 1976-2017 (PLADIGA 2018)

# ALGÚNS DATOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA.

A PRESENZA DE CMVMC É PEQUENA EN  
COMPARACIÓN CO RESTO DO PAÍS

REXÍSTRANSE 295 CLASIFICADAS A DÍA DE  
HOXE, OCUPANDO UNHAS 47.000 HA

O PROCESO DE CLASIFICA-  
CIÓN ESTÁ INCOMPLETO

Se facemos unha análise dos datos referentes á provincia de A Coruña, atopamos que se trata dun territorio cunha poboación maioritariamente urbana, no que o terreo forestal ocupa o 60% da superficie, quedando o uso agrícola nun escaso 30%. Desá ampla superficie forestal, o meirande (80%) é monte arborado.

As especies predominantes no estrato arborado son piñeiro e eucalipto, que ocupan o 90% da superficie, estando o último presente en máis de 250.000 ha.

Polo tanto, constátase un proceso de despoamento do rural e abandono da actividade agrícola e gandeira, que desemboca na forestación das terras con especies de crecemento rápido.


No tocante á existencia de CMVMC, a súa presenza é pequena en comparación co resto do país; rexístranse 295 clasificadas a día de hoxe, ocupando unhas 47.000 ha, que representan un 6% da superficie da provincia e un 8% sobre o total de montes veciñais de Galicia.

Esta situación é resultado dun proceso de clasificación incompleto, que arrincou tarde en relación ás outras provincias e que tivo un alcance menor. Os factores que influíron para que isto fose así son, por un lado, que unha parte dos montes veciñais da provincia xa se atopaban repartidos entre a veciñanza, como estratexia de defensa dos seus usos fronte á inxerencia estatal que comezara no século anterior; e, por outro lado, que foi moi rele-

vante a oposición presentada polos concellos e as corporación municipais que vían como perdían unha fonte de ingresos. A oposición municipal foi tan forte nas provincias de Pontevedra e A Coruña que, en 1977, se creou a Coordinadora de CMVMC para dar amparo legal, impulsar e defender o proceso de clasificación de CMVMC en ambas provincias, tendo máis alcance e repercusión na primeira que na segunda.

Outra característica notable é a distribución das CMVMC na provincia, que se atopa concentrada en zonas moi concretas, principalmente na área do Barbanza, Muros e Ortegal. Resultan as zonas nas que se deron

un maior número de consorcios e plans de repoboamento forestal durante a etapa franquista e nas que o grao de conflictividade nos anos sesenta e principios dos setenta foi maior.



*Plano de situación dos MVMC clasificados na  
provincia de A Coruña (elaboración propia)*



En relación aos incendios, as cifras de lumes no ano 2016 son: 3.816 ha. queimadas en 588 lumes; sobre o total do territorio do país, teñen un peso acorde coa superficie que ocupa a provincia. Conta a provincia cun número

elevado de concellos declarados como zona de alto risco de incendios, reducíndose a 9 as parroquias consideradas de alta actividade incendiaria, dun total de 77 catalogadas en Galicia.

	A CORUÑA	GALICIA
Superficie provincia (ha)	795000	2957400
Poboación (habitantes)	1120294	2708339
Poboación de Concellos < 10000 habitantes	324315	817290
Poboación de Concellos < 5000 habitantes	121099	427398
Superficie uso agrícola (ha)	253815	
Superficie forestal (ha)	466629	1917684
Superficie arborada [forestal] (ha)	391597	1339831
Superficie pasteiro, pasto arbustivo e matogueira [forestal] (ha)	84253	605613
MVMC (nº)	295	3391
Superficie MVMC (ha)	47665	666900
Lumes [2016] (nº)	588	2354
Superficie queimada [2016] (ha)	3816	21534
Parroquias alta actividade incendiaria (nº)	9	77

Táboa de estatísticos (Elaboración propia con datos do IGE, Rexistro de CMVMC e PLADIGA 2018)

Formación forestal	Superficie (ha)
<i>Eucalyptus globulus</i>	165303
<i>Pinus pinaster</i>	79851
<i>Pinus pinaster con Eucalyptus globulus</i>	71130
<i>Quercus robur</i>	32239
<i>Pinus radiata</i>	24478
<i>Pinus pinaster con Quercus robur</i>	13025
<i>Eucalyptus globulus con Quercus robur</i>	12895

Táboa de superficies de estratos forestais na provincia de A Coruña (elaborada con datos do 4º Inventario Forestal Nacional [IFN4])

Tras a análise dos datos, podemos sacar a conclusión de que, por diversos motivos (proceso de recuperación, poboación maioritariamente urbana, forestación dos montes, etc...), o proceso de clasificación de montes veciñais nesta provincia está incompleto, polo que aínda queda un importante traballo que facer neste eido.

Por outra banda, constátase a existencia de zonas con alta conflitividade entre propiedade / dereitos de uso / administración, que coincide en boa parte con zonas altamente incendiarias. Todo isto require dunha análise exhaustiva e un plan de acción acordado por tódalas partes.

*Moitos montes seguen rexistrados como comunais dos concellos ou municipais, por non teren sido aínda reclamados por una comunidade veciñal. Consulta as CMVMC clasificadas na túa zona no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.*

# A MODO DE CON CLU SIÓN...

\* As comunidades de montes veciñais en man común son ferramentas imprescindibles na xestión e ordenación do territorio. Supoñen un sistema de gobernanza colectiva e democrática, arraigada e adaptada no ámbito local, cunha grande potencialidade para abordar os problemas presentes e configurar escenarios futuros.

\* A mellor prevención de incendios é a multifuncionalidade e diversificación dos nosos montes, rompendo o chamado “deserto verde”, masas monoespecíficas de especies de crecemento rápido altamente inflamables, é dicir, o monocultivo de eucaliptos ou pinus pinaster.

\* O pastoreo e o uso gandeiro do monte resultan unha estratexia de prevención de incendios importantísima, polo traballo de xestión da biomasa que fan os rabaños e pola reconfiguración da paisaxe que require a recuperación e creación de pasteiros.

\* Coa revitalización das CMVMC e a recuperación da multifuncionalidade dos montes, ábrese tamén novas posibilidades de futuro para a revitalización do tecido social, económico e político das nosas aldeas e parroquias, que servirían como freo do crecente e preocupante abandono que sofre o medio rural.

\* Na provincia de A Coruña, cóntase con numerosas CMVMC clasificadas como tales que, co seu fortalecemento e impulso, poderían xogar un importante papel tanto na xestión e dinamización do seu territorio como na prevención de incendios. E conta cunha ampla marxe para a recuperación e clasificación de CMVMC que aínda non constan como tales.

# BIBLIO- GRAFÍA E FONTES DE REFERENCIA.



- BALBOA LÓPEZ, X (1990): *O monte en Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- BALBOA LÓPEZ, X.L.(1999): «El fuego en la historia de los montes gallegos: De las rozas al incendio forestal», en Araque Jiménez, E., *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp.255-277
- BOUHIER, A.(1979): “Réxime xurídico do terreo inculto. Particións de montes” en *Galicia: ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, (páx 777-883), Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.
- Grupo de Estudio de la Propiedad Comunal (GEPC): *Os Montes Veciñais en Man Común*, Xerais, Vigo, 2006
- OSTROM, E (1990): *El gobierno de los bienes comunes: la evolución de las instituciones de acción colectiva*. México, D.F. Instituto de Investigaciones Sociales, Universidad Nacional Autónoma de México: Fondo de Cultura Económica, 2011“El gobierno de los bienes comunes: la evolución de las instituciones de acción colectiva”.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P (1996): *Das Casas de Morada ó Monte Comunal*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P (1982): *Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVII: aproximación a un problema*. Cuadernos de Estudos Galegos.
- ZURITA DE LA VEGA, E. dir (1997): *Manual de sistemas silvopastorales*. Ed. Proyecto Agrobite. Consultado en <http://www.agrobyte.com/publicaciones/silvo/indice.html>.
- Consellería de Medio Rural (2018): *Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*. Xunta de Galicia.
- Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal (2010): *4º Inventario forestal nacional, MARM*.

## Portais web

- [Rexistro de Montes Veciñais en Man Común](#)
- [Instituto Galego de Estatística](#)
- [Instituto Nacional de Estadística](#)

COORDINA



FINANCIA



COLABORAN

*mulime*

